



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes  
Sección de Educación e Cultura  
Expediente: 2024000010344  
Referencia: BINV-SX/2024

## RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS INVESTIGACIÓN 2024 – ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS, XURÍDICAS E ESTUDOS DE XÉNERO

**Don Valentín González Formoso**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Por resolución da presidencia número 31450, do 26 de xullo de 2024, aprobouse a adxudicación provisional das Bolsas investigación 2024, na área de ciencias sociais, xurídicas e estudos de xénero e concedeuse un prazo de 10 días para comunicar, se fose o caso, a desistencia da solicitude, presentar alegacións ou emenda de erros.

Comprobouse pola unidade xestora que no prazo concedido, presentáronse as seguintes alegacións e/ou emendas:

- Alba Calo Blanco

Con data 15 de agosto a interesada presenta un escrito solicitando a revisión da puntuación.

O xurado emitiu informe explicando que non se valoraron determinadas publicacións e comunicacións que se atopaban correctamente xustificadas coas que acadara a puntuación máxima en ambos apartados. Por outra banda tampouco se valorou o título de inglés que consta debidamente xustificado polo que proceden a modificar a puntuación asignada aos ditos méritos.

De acordo co exposto, modifícase a puntuación do CV, pasando de 1,25 a 2 puntos, por ser a puntuación máxima do apartado.

A puntuación total acadada no currículo vitae é de 2 puntos o que resulta nunha puntuación total de 7,14 puntos. Esta puntuación sitúa a solicitante na sexta posición, outorgándolle o dereito a ser beneficiaria dunha das 6 bolsas, alterando o orde de persoas beneficiarias e suplentes.

- María Pérez Sánchez

Con data 7 de xullo a interesada presenta alegacións solicitando a revisión da puntuación asignada ao proxecto e ao CV. O xurado emitiu informe respondendo as alegacións e ratificando a puntuación acadada, o cal foi notificado á interesada.

- Fátima María Díaz Freire

Con data 13 de agosto a interesada presenta un escrito solicitando a revisión da puntuación e achega nova documentación acreditativa dos méritos que figuran no currículum.

O xurado emitiu informe explicando que detectaron un erro na valoración outorgada no apartado de publicacións polo que se modifica a puntuación pasando de 0,5 a 0,6 puntos. De acordo co anterior modifícase a puntuación asignada ao CV, pasando de 1 a 1,1 puntos

En relación coa nova documentación xustificativa achegada, esta non pode terse en conta na fase de alegacións xa que non se encontraba no expediente no momento da valoración.

Vistos os informes dos servizos de Acción Social, Cultural e Deportes e de Fiscalización

## **RESOLVO:**

**Primeiro.- Corrixir** a puntuación acadada por Alba Calo Blanco e Fátima María Díaz Freire

**Segundo.-Desestimar** as alegacións presentadas por María Pérez Sánchez

**Terceiro.- Aprobar** a concesión definitiva das BOLSAS INVESTIGACIÓN 2024 - Área de ciencias sociais, xurídicas e estudos de xénero, seguintes

**Titular da bolsa:** CALO BLANCO, ALBA

NIF: \*\*\*0911\*\*

Expediente: 2024000018366

Obxecto da bolsa: *Xuventude e realidade virtual: Coñecemento e potencialidade deste novo medio na provincia da Coruña.*

Importe da bolsa: 10.000 €

**Titular da bolsa:** CAJADE PASCUAL, DANIEL

NIF: \*\*\*6205\*\*

Expediente: 2024000018211

Obxecto da bolsa: *Deseño metodolóxico dun certificado de calidade medioambiental para as praias da costa coruñesa*

Importe da bolsa: 10.000 €

**Titular da bolsa:** DÍAZ FREIRE, FÁTIMA MARÍA

NIF: \*\*\*3187\*\*

Expediente: 2024000018297

Obxecto da bolsa: *Caderno de deberes escolares MITCA: un recurso para mellorar a conciliación familia escola*

Importe da bolsa: 10.000 €

**Titular da bolsa:** ESPARÍS PEREIRO, JULIO

NIF: \*\*\*0852\*\*

Expediente: 2024000018370

Obxecto da bolsa: *Cultura, territorio e desenvolvemento comunitario: análise socioeducativa das Políticas Culturais Municipais na Provincia de A Coruña (2000-2024)*

Importe da bolsa: 10.000 €

**Titular da bolsa:** FERNÁNDEZ GÓMEZ, MARTÍN

NIF: \*\*\*2775\*\*

Expediente: 2024000017862

Obxecto da bolsa: *Dereito á igualdade e non discriminación: autodeterminación da identidade sexual e expresión de xénero. Dereito de asilo e novas tipoloxías de refuxiados.*

Importe da bolsa: 10.000 €

**Titular da bolsa:** FORMOSO SILVA, MARÍA

NIF: \*\*\*9806\*\*

Expediente: 2024000018306

Obxecto da bolsa: *Os tempos de ocio na vida cotiá da infancia en situación de pobreza. Realidades, desafíos e oportunidades socioeducativas na provincia de A Coruña*

Importe da bolsa: 10.000 €

**Terceiro.- Dispor o gasto** das bolsas concedidas con cargo a aplicación 0612/3262/481, por importe de 60.000 €

Co fin de habilitar o crédito necesario para afrontar o gasto total das bolsas da Área de ciencias sociais, xurídicas e estudos de xénero, por importe de 60.000,00 €, procede realizar as seguintes operacións contables

- Anular os documentos contables “RC/” número 220240006068 por importe de 50.000 € e “A/” número 220240009095 por importe de 50.000 €
- Emitir documento contable “RC” por importe de 60.000 € e documento contable “A” por importe de 60.000 €

**Cuarto.- Nomear suplentes** ás seguintes persoas, pola orde que se indica:

Primeiro suplente: Óscar Páramo Telle

Segunda suplente: Lidia Guntín Mareque

Terceiro suplente: Andrés González Rodríguez

Cuarto suplente: María Pérez Sánchez

**Quinto.- Publicar** a presente resolución definitiva na sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.